

## CONTO : O ESPANTALLO AMIGO

Le e ilustra o conto .

O tío Ramón ten unha figueira ao pé da casa.  
Pero o ano pasado deron con ela os merlos.

O tío Ramón dixo:  
-Xa está ben de tanto amolar. Acabouse a festa , ides ver.  
Dito e feito, colleu dous paus e atounos en forma de cruz.

Aquel esqueleto foino cubrindo de palla.  
Colleu un melón para a cabeza e fíxolle dous buratos para os ollos e un para a boca.  
No lugar de cada ollo colocoulle unha cereixa.  
E entre a palla do peito colocoulle un pexego.

Despois vestiuno cunha chaqueta e cun pantalón remendado, púxolle unha pucha e calzouno cun par de zocos vellos.